


Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº66/ Ano: 2023 / 1º xornal Mes de maio/ Estado de realizar Promesas

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



**APÚNTATE ÁS RUTAS GUIADAS
DESCUBRINDO AS ILLAS ATLÁNTICAS**
RECOMENDADAS PARA +12 ANOS

CORTEGADA, O SEGREDO DUN BOSQUE NO MEDIO DO MAR
12 de marzo e 7 de abril: Porto de Carril: 16:00-19:15h. Transporte 10€. 15 plazas.
26 de abril: Porto de Vilagarcía 9:15-12:45h Transporte 15€. 11 plazas.

SÁLVORA, ESCULTURAS E LENDAS
6, 15 e 23 de abril: Porto do Grove 10:00-17:15. Transporte 20€. 20 plazas

ONS, UNHA ILLA DE NOMES
18 de marzo: Porto de Bueu 9:30h-18:15h. 20 plazas
Transporte: 15,5€

CÍES, UNHA VIAXE NO TEMPO
23 de marzo: porto de Vigo 9:30h-18:15h. 20 plazas
Transporte: 20€

E próximamente anunciaremos máis rutas a Cíes e Ons en Semana Santa, incluídas rutas para nenos e nenas.

XUNTA DE GALICIA RESERVAS E INFORMACIÓN:
www.reservaparcosnacionales.es

PARABÉNS

Ao cámping de Ons e aos demais galardoados polo premio Turismo Sostible. Páx. 1



NOVAS AXUDAS

Que non son aproveitadas polos veciños de Ons pola falla de asesoramento. Páx 2



RUTAS GUIADAS. PARQUES

Durante os meses de marzo e abril, o Parque Nacional organizou polas illas atlánticas varias rutas guiadas. Tamén na Semana Santa, especialmente en Ons. Páx. 1

PARQUES NACIONAIS

Catalogará o patrimonio cultural de todos os parques. Páx. 4

JOSECHO

O párroco de Bueu-Beluso, non perde unha á hora de interactuar cos seus fregueses e Jet set. Páx. 2



COMENTARIO

Ao artigo saído na prensa co título: “Cuando Juan Carlos venía a la Isla de Ons” Páx. 3

BREVES:

-VII Volta a Ons. Páxs. 1, 4

-Promesas de inversión na Illa. Páx. 5

-HemerONSteca: Abordaxe á altura de Ons. Páx. 6



REFORESTACIÓN


Se os técnicos din que hai que cortar todos os eucaliptos de Ons, adiante, pero o que non entendemos é que, paralelamente, non se reforeste onde se corta. Páx. 2

O peirao de Ons, de novo, sen varanda protectora. Páx. 5

REDACCIÓN

Estimados lectores, debido a circunstancias varias, entre as que estaba o remate da edición do nº 28 da revista cultural AUNIOS, Onstopus non saíu no mes de abril, mes no que cumpriría 3 anos de existencia. Espero que, polo menos, siga editándose ata outubro, final da etapa estival en Ons 2023.

COMENTARIO A ALGUNHAS NOVAS XURDIDAS A FINAIS DE MARZO E NO MES DE ABRIL. 2023



**APÚNTATE ÁS RUTAS GUIADAS
DESCUBRINDO AS ILLAS ATLÁNTICAS**

RECOMENDADAS PARA +12 ANOS

CORTEGADA, O SEGREDO DUN BOSQUE NO MEDIO DO MAR
12 de marzo e 7 de abril: Porto de Carril, 16:00-19:15h. Transporte 10€. 15 plazas.
26 de abril: Porto de Vilagarcía 9:15-12:45h Transporte 15€. 11 plazas.

SÁLVORA, ESCULTURAS E LENDAS
6, 15 e 23 de abril: Porto do Grove 10:00-17:15. Transporte 20€. 20 plazas

ONS, UNHA ILLA DE NOMES
18 de marzo: Porto de Bueu 9:30h- 18:15h. 20 plazas
Transporte: 15,5€

CÍES, UNHA VIAXE NO TEMPO
23 de marzo: porto de Vigo 9:30h- 18:15h. 20 plazas
Transporte: 20€

E próximamente anunciaremos máis rutas a Cíes e Ons en Semana Santa, incluídas rutas para nenos e nenas.

XUNTA DE GALICIA RESERVAS E INFORMACIÓN: www.reservasparquesnacionales.es

RUTAS GUIADAS EN SEMANA SANTA

Resultou moi interesante a oferta do Parque para a Semana Santa de Rutas guiadas pola Illa de Ons. Este ano non estiven en Ons neste período vacacional, pero supoño que se realizaron. Notable ver sobre o papel informativo que a Illa de Ons foi a que máis días dedicou a esas actividades. Parabéns para a organización.



RUTAS GUIADAS SEMANA SANTA: CÍES E ONS

Visitas guiadas que se ofrecen a diario de balde e con guías do Parque. Podes apuntarte directamente na caseta de información en Cíes e Ons ou facer unha reserva nas seguintes rutas:

RUTA GUIADA: "ONS, UNHA ILLA DE 2 CARAS"
2, 4, 5, 6, 7, 8 e 9 de abril
4 km (2h). Recomendada para adultos e maiores de 12 anos.

RUTA GUIADA: "CÍES, UNHA ILLA DE PAISAXES"
1, 2, 8 e 9 de Abril
3km (1h30). Recomendada para adultos e maiores de 12 anos.

RUTAS PARA NENOS E NENAS: "AS ILLAS A VISTA DE PAXARO"
Luns 3 en Ons e martes 4 en Cíes.
Recomendada para idades comprendidas entre 6 e 12 anos
Duración: 2 horas

XUNTA DE GALICIA RESERVAS E INFORMACIÓN: www.reservasparquesnacionales.es

RUTAS GUIADAS

Como todos os anos, o Parque Nacional I. Atlánticas sacou varias Rutas a realizar nos meses de marzo e abril. Estas rutas son moi interesantes pero, como xa teño exposto, o número de participantes é moi reducido. Coido que, como mínimo, poderían ser de 60 – 75 persoas, en grupos de 20 – 25 cun guía cada un, aínda que haxa que aumentar un pouco a cota de inscrición. Para que se fan tantos cursos de guías se despois non se lles dá traballo?



**PREMIOS TURISMO SOSTIBLE
PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

1º PREMIO: CAMPING PLAYA PAISAXE II · O GROVE

2º PREMIO: CAMPING ILLA DE ONS · ONS, BUEU

3º PREMIO: HOTEL BOSQUE MAR · O GROVE

PREMIOS TURISMO SOSTIBLE. PONTEVEDRA

No mes de marzo coñecemos os galardoados pola Deputación dos Premios de Turismo Sostible. A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo Rías Baixas, creou en 2023 os Premios Turismo Sostible para recoñecer o compromiso das empresas do sector turístico da provincia de Pontevedra cun modelo de desenvolvemento sostible. Entre os galardoados está o Cánting da Illa de Ons, que xa ostenta varios premios nese sentido. Parabéns.



Inscricións en: www.ccnorte.com

VII VOLTA Á ILLA DE ONS

CARREIRA 19km 29€

ANDAÍNA 10,5km 22€

30 ABRIL

Organiza:  Inscrición inclúe: -Camiseta. -Trofeos Sargadelos (primeiros clasificados). -Medalla para carreira. -Viaxe barco ida e volta. -Avituallamentos en carreira e meta.

VII VOLTA Á ILLA DE ONS

Un ano máis celebrouse na Illa a VII Volta á Illa, proba de atletismo de fondo de 19 km, de moita dureza, unha verdadeira rompepernas polas tremendas subidas que atoparon na zona do Campamento da Xunta e na subida das Xabreiras cara á zona próxima ao cámping.



JOSECHO DE ANFTRIO DO CONDE LECQUIO

Dende logo o párroco de Bueu - Beluso non perde unha. O mesmo acompaña á comitiva que comandada polo Presidente da Xunta veu a Ons a celebrar o 20 aniversario do Parque Nacional, como está presente nas sesións vermú das Festas de Ons, participa na andaina da Volta a Ons,..., como acompaña aos famosos na visita que estes fan á súa parroquia. Todo un crack.

Foto: Faro de Vigo.

ELIMINACIÓN DE EUCALIPTOS E REFORESTACIÓN EN ONS

Sigo coa teima da reforestación. Todos podemos entender que Parques, supoñemos que despois dun estudo exhaustivo, decidira eliminar de Ons árbores e plantas alóctonas ou que poden prexudicar ao medio.

Tamén imaxino que a corta fíxoala unha empresa ou persoal especializado e con asesoramento técnico.

Pero a Illa está falta de arborado. Por iso co fin de repoñer o cortado, deberían ir reforestando, ollo, tamén con asesoramento, realizado por persoal experto, con dirección científica e, posteriormente, levar a cabo os cuidados que esas árbores necesiten, cousa que non se fixo nas anteriores reforestacións que se levaron a cabo antes da declaración como Parque Nacional.

Interesante son as iniciativas que se levan a cabo noutros lugares para reforestar. Vexan o caso da parroquia de Amoedo en Pazos de Borbén que erradicaron o eucalipto para evitar incendios e reforestaron cun bo número de árbores autóctonas:

<https://www.farodevigo.es/comarcas/2023/03/16/amoedo-erradica-eucalipto-reforesta-montes-84710166.html>

E outro caso como o realizado no concello de Bueu:

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2023/02/16/plantacion-arboles-valores-bispo-bueu-83024388.html>

“Onde o Concello de Bueu, a Fundación Juan XXIII e o colexio de A Pedra uniron forzas nun proxecto moi especial, no que a través dunha plantación de árbores no sendeiro fluvial do río Bispo confluían educación, coidado do medio ambiente e integración social”.

Eu xa din ideas para Ons noutros Onstopus, dende a programación cos colexios e aproveitar as excursións escolares para a plantación ata o apadriñamento dunha árbore, onde despois dunha plantación feita por rapaces ou persoas maiores, co asesoramento técnico preciso, cada árbore teña un padriño/madriña e que puntualmente reciba información sobre a súa evolución, facéndoo así partícipes do desenvolvemento forestal nunha illa dun Parque Nacional e, á vez, obrigar a quen corresponda ao seu coidado.

AXUDAS DA XUNTA

Instituto de Estudos do Territorio

RESOLUCIÓN do 21 de novembro de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas, e se establece a súa convocatoria para o ano 2023, tramitado como expediente anticipado de gasto (código de procedemento MT402A).


O 17 de xaneiro de 2023 saen publicadas estas axudas. Como teño dito é unha pena que os veciños de Ons non teñan un asesoramento adecuado para poder realizar traballos nas súas vivendas e terreos en beneficio da sustentabilidade da Illa e, como neste caso, para corrixir impactos paisaxísticos.

Segue faltando un profundo estudo das vivendas, edificacións anexas e terreos anexas, que deberían realizar tanto o Concello como Parques, para, cando saen estas subvencións, informar aos posibles beneficiarios, segundo a problemática que teñan nas súas propiedades e intentar solucionalo.

Nunca entendín o por que dende os organismos que a xestionan como dende a propia Asociación Veciñal, non están ao tanto destas Axudas e intentan informar e asesorar aos veciños para que as soliciten.

Sempre se poñían moitas pegas polos complicados trámites que había que realizar para pedilas, sen embargo este ano, un bo número de casas e algún negocio si solicitaron as Axudas do Parque Nacional para levar arranxos nas súas vivendas. Que pasou logo? Cambiaron a normativa? Ou se buscaron a vida para que o propio construtor que vai realizar as obras poña á súa disposición un dos seus administrativos para facilitar a solicitude?

Ben, o importante é que se pediron, algúns estanse beneficiando destas axudas e animo a que a directiva da Asociación estea á procura doutras que se poden solicitar e axudar a pedilas.



BATALLA DE MELIDE?

Fai unhas semanas saíu un artigo na Voz de Galicia asinado por Alonso de la Torre: <https://www.lavozdegalicia.es/noticia/arousa/vilagarcia-de-arousa/2023/04/14/juan-carlos-i-venia-isla-ons/00031681496350069855341.htm> . O artigo podémolo dividir en varias partes. Comeza falando dos bos resultados turísticos da Semana Santa para, deseguido, tratar o tema da chegada do Rei Emérito a Sanxenxo, onde, entre outras cousas, comenta a arribada á Illa de Ons no ano 2000 de D. Juan Carlos.

Ata aquí todo pasable, sen embargo, posteriormente, comete unha serie de erros que eu, nun principio, pensei que era froito do posible humor que lle quería dar ao artigo, aínda que despois, relendo de novo, penso, que non era así, de aí o xurdir deste pequeno comentario.

Escribe que Checho era o único auniense que quedara na Illa cando, a finais dos 70 s.XX todos os aunienses pasaran a ter casa no continente por mor dunha emigración forzosa. Si, é certo que Checho e a súa familia quedaron vivindo en Ons, pero non foron os únicos, canda eles quedaran todo o ano, como mínimo catro familias máis: a de Cesáreo, a do seu irmán Emilio, a de Ramiro e a de Rogelio. Sen esquecermos que outras pasaban gran parte do ano tamén e, se non pasaban máis, era pola falla de servizos e medios de transporte diarios, como a de Manolo Reiriz, Manuel Sampedro, Antonio Patiño, Francisco Martínez,...

Si, é certo, cando di que Ons se convertera, a finais dos 70, en destino dun turismo especializado como biólogos, historiadores e investigadores en xeral. Así foi, e posteriormente a eses anos, saíron importantes traballos sobre etnografía, arquitectura, historia, economía, ..., e natureza.

Logo sigue falando do que chama a “invasión hippie” nos anos 90. Aquí de novo hai un erro. Houbo unha pequena invasión a principios dos 80, cando as Cíes pasan a ser Parque Natural e toman medidas coa acampada libre, o que provocou o desprazamento e a irrupción en Ons dunha serie de xente adaptada en Cíes a vivir ao seu aire e que non se decataron que Ons era unha illa habitada. Ao seu carón unha administración incompetente que non soubo conter e buscar alternativas a esa avalancha.

Isto, nun principio, provocou pequenos altercados que os veciños souberon arranxar á súa maneira, e trouxo que no 1984 a administración creara unha Normativa Campista, regulamento que non foi quen de levar a bo porto pola súa ineptitude, ou porque tiñan outros plans agochados, como era o ocaso ou desaparición do campismo libre en Ons, como así ocorreu en dúas fases: eliminación da acampada de Melide (1995) e posteriormente a de Chan da Pólvora (2015) argumentando a existencia dun campismo salvaxe cando a realidade era outra ben distinta: a INCOMPETENCIA para levar adiante unha Normativa que fixera factible unha Zona de Acampada na Illa dirixida pola administración ou municipal.

O artigo remata, no que respecta a Ons, falando dunha “*rocambolésca batalla de Melide*” no ano 95, onde os aunienses derrotaron e expulsaron aos hippies da Illa. De novo, quen o lea, ten que pensar que é unha broma, pois o que vén a continuación do <domador de hippies>, do <Abuelo Conde>, ..., ás ordes de Rafa <Alcalde Pedáneo> e do “*asalto ao campamento de Melide*”, onde arriaron a bandeira pirata e expulsaron ás “tribos bohémias”, parece o final dun conto para nenos.

Non houbo batalla ningunha. O tema do *domador, abuelo, Jarulo*, ... que nomea no artigo foi unha boa mofa que lle gastaron os aunienses a un par de periodistas que chegaron a un dos bares da Illa preguntando pola relación entre veciños-campistas. Contáronlle unha historia moi ben levada e, a pesares das risotadas que se escoitaban, os periodistas tomaban boa nota e, increíblemente, uns días máis tarde saíu publicada a nova nun periódico galego como se tal cosa ocorrera.



Rafael, “Alcalde de Ons”

Distinto foi o de Rafa. Estaba na Illa un barco oceanográfico, 1990 non 1995, tomando notas sobre os fondos mariños de Ons. Polas noites, mandos e tripulación achegábanse ata Curro a tomar algo e, debido ao tempo que estiveron polas proximidades de Ons, colleron bastante confianza cos aunienses. A Rafa, un rapaz auniense moi querido e que os insulares nomearan <Alcalde de Ons>, fixo boas migas con eles e, nun momento dado, agasalláronlle cun traxe dos que empregaran nunha expedición á Antártida. Co tino de que o utilizara, unha noite planearon ir ata Melide, nunha das lanchas pneumáticas do barco, a facerse coa bandeira pirata que ondeaba nun pau na praia. Cousa que fixeron e conseguiron.

Outra historia moi distinta é que aos campistas de Melide (os auténticos Camaweys) non lles fixo maldita gracia e, moderados, para evitar conflitos, ao día seguinte foron pedir a súa devolución aos mandos do barco oceanográfico.

PARQUES NACIONAIS CATALOGA O SEU PATRIMONIO CULTURAL POR PRIMEIRA VEZ EN MÁIS DUN SÉCULO

Importantísima nova pola que Pineiróns leva loitando dende hai 21 anos, pois un Parque Nacional non é só Fauna e Flora, tamén é certo que nuns máis que noutros, porque nos seus territorios tamén hai que valorar, e moito, os aspectos socio-culturais e engadilos a un mesmo nivel de estudo, investigación, posta en valor e protección que os biolóxicos-naturais.

Significativo, e que hai que agradecer, é que: *“O Ministerio para a Transición Ecolóxica poña en marcha a elaboración dun inventario que recompile o legado histórico e cultural dos 16 parques para protexer, conservar, difundir os seus bens e promover un turismo sostible”*. Idea que vimos pedindo dende Pineiróns aos responsables do Parque I. Atlánticas case dende a súa formación.

Dende o Ministerio dan ideas moi importantes como: *“... a obra humana e cultural incluída nos límites naturais dos parques pasou desapercibida...”*- *“... o auxe da visita cultural atrae aos Parque Nacionais a miles de persoas anualmente”*- *“...coñecemos as características naturais de todos os parques..., pero apenas está reflectida o principal labor humana no territorio...”*e

Importantísimo: *“... en ningunha das comisións de coordinación que se encargan da xestión de cada un dos parques figura un responsable de patrimonio cultural”*

E un longo etc, que podeades ler no enlace: <https://www.eldiario.es/sociedad/parques-nacionales-cataloga-patrimonio-cultural-primera-vez-siglo-1-10156446.html>


Pineiróns leva pedindo aos responsables da Consellería de Medio Ambiente, á súa Directora Xeral de Patrimonio Natural e á Dirección do Parque, que haxa unha dedicación por igual, con presupostos iguais, aos aspectos históricos e etnográficos e que era imprescindible, como mínimo, a figura dun Técnico cultural, a poder ser, especialista ou licenciado en Historia, pois o 90% dos traballadores do Parque son das distintas ramas da Bioloxía.

Ter en conta, que no caso especial das illas do noso Parque Nacional, a súa importancia social é manifesta, xa que todas as illas estiveron habitadas dende a Prehistoria ata case os nosos días. O caso de Ons é un exemplo claro.

Non imos dicir que os responsables do noso Parque Nacional non están facendo nada ao respecto, ultimamente si, pero a un nivel moi baixo de inversións, de solicitude de investigacións, de poñer ao servizo dos investigadores e da universidade a mesma contía económica que poñen para a parte biolóxica,...

Esperemos que esta magnífica posta en valor que se fai dende o Ministerio para o mundo cultural dos Parques Nacionais, non quede só, como pasa aquí, nunha interesante Declaración de Intencións.

O Parque Nacional das Illas Atlánticas necesita de urxencia un **TÉCNICO CULTURAL** xa.



Fotos: de arriba – abaixo:
Cortegada, Cíes, Sálvora e Ons




Foto: Faro de Vigo

VII VOLTA Á ILLA DE ONS

Unha carreira xa consolidada e cunha boa participación, máis de 200 corredores o certifica.

Foi perfectamente organizada polo club Corredoiras de Bueu e que foi gañada, na parte masculina, polo corredor do mesmo club Álvaro Prieto e na feminina por Beatriz Fernández tamén do Corredoiras.

Paralelamente tamén houbo unha andaina, que eu sempre pensei que era un paseo pola zona de carreira, sen embargo, polo menos este ano, tamén colleu a súa parte de competición dándose a casualidade que en segunda posición entrou o auniense José Antonio Dopazo e de quinto o seu pai.



NECESARIA PROTECCIÓN NO PEIRAO DE ONS

O peirao de Ons, nestes últimos dous séculos, utilizárono tanto mariñeiros como veciños de Ons. A partir de finais dos anos 60 s.XX comezaron a chegar os primeiros turistas para, coa incorporación ao Parque Nacional, ser o turismo o que o enche de miles de persoas anualmente.

É longo e, aínda que non é moi estreito, si sería necesario e conveniente, debido ao volume de persoas que á chegada e saída dos barcos o enche, que se lle puxeran unhas varandas de protección co tino de evitar accidentes.

PineirÓns hai xa anos que o solicitou á Autoridade Portuaria, sobre todo, na zona de rampla e a carón das baixadas. Esa petición foi aceptada pola administración portuaria e fíxose.

Gran sorpresa foi o comprobar que o ano pasado 2022 (foto esquerda), supoñemos que tamén a Autoridade Portuaria puxo na zona sur do peirao unha varanda que, aínda que non se completou ata final do peirao, axudaba e moito á protección dos que por el andaban.

Logo no inverno, quizais por unha mala ancoraxe ou por falla de estudo técnico, un temporal con forte marusía, arrancou unha parte del (foto do centro), cousa que non debería ir máis aló que reparalo e revisar as demais ancoraxes para que non volviera a ocorrer.

Pero cal sería a nosa sorpresa, cando este fin de semana da ponte do 1º de maio, comprobamos que retiraran a tan necesaria varanda (foto dereita). Teño que reconecer que non preguntei ao respecto e supoño que estarán buscando unha solución e que antes do verán, estea de novo posta e mellor suxeita, sobre todo nos lugares que, coñecen perfectamente, rompe máis o mar.

A idea que propoñemos dende PineirÓns é que haxa unha varanda a un lado e outro do peirao. Que se poña unha sinalización para que pola dereita mirando ao pobo, vaian as persoas cara a Curro ao chegar, e que logo, á hora de embarque, tamén pola dereita, vaian cara ao barco, e tanto dun xeito como doutro, en grupos de dúas ou tres persoas, para deixar un espazo no centro do peirao para a circulación, se é necesaria, dos tractores á procura de mercadorías.

As cousas, querendo, son doadas de facer, só hai que solicitalas. A seguridade das persoas vai niso e así evitaremos accidentes e non haberá necesidade de prohibir nada.

PROMESAS DE INVERSIÓN EN ONS

Segundo nos relataba o Presidente da Xunta no mes de xullo de 2022 en Ons, para o conxunto do Parque Nacional había uns 6 millóns a investir ata o ano 2023, dos cales 2'2 millóns correspóndenlle a Ons.

Non temos nin idea sobre eses cartos e en que foron investidos. Falan e prometen, pero cando lles pides que che expliquen en que gastaron cada euro, non saben non contestan.

O 7/11/2022 Anuncian 85.000 € para eliminar especies exóticas. Sería interesante o saber onde, que empresa especializada o fixo e o seu custo. En Setembro ían comezar cunha inversión de 800.000 € a preparación da depuradora. Aínda non sabemos nada ao respecto. Tamén que ían comezar obras por valor de 1'4 millóns en infraestruturas turísticas, supoño que serán as que saíron na prensa que levará a Axencia Turística.

Pero do exposto polo Sr. Rueda de: Mellora da biodiversidade, recuperación de vexetación autóctona, eficiencia enerxética, depósitos de auga; e as ofertadas polo Parque de: musealizar o castro, sinalizalo, traer material á exposición do C. Visitantes, mellorar a sala de etnografía e a volta dos Campos de Tralaballo a Ons, como un Campo de Voluntariado arqueolóxico coa mesma temporalización dos que se fan en Cíes. Por agora non vimos nada de nada.

Os veciños, por medio da súa Asociación, deberían esixir á Conselleira a documentación pertinente sobre esas promesas cun detallado extracto do feito e os custos.



El pesquero "Nuevo Campesina" abordó al "Campos" a la altura de la isla de Ons

Dos marinos se ahogaron y han desaparecido dieciséis, que también se suponen muertos.

VIGO, 17.—Se reciben noticias de una catástrofe marítima registrada a las cuatro y media de la madrugada última en las proximidades de esta ría y a la altura de la isla de Ons.

Cuando se hallaban dedicados a la pesca de la sardina, los pesqueros de la matrícula de Vigo "Campos" y "Nueva Campesina", éste, a consecuencia de la oscuridad, abordó a aquél y el "Campos" se hundió rápidamente con toda su tripulación, integrada por 38 hombres.

Inmediatamente, el "Nuevo Campesina", auxiliado por el pesquero "Europa" y otro vapor de la matrícula viguesa procedieron al salvamento de los naufragos, pudiendo ser trasladados a Vigo en la mañana de hoy veinte supervivientes y dos cadáveres de dos marineros del "Campos".

Se carecen de noticias sobre los dieciséis tripulantes del barco hundido, los cuales no habían podido ser hallados hasta primeras horas de la mañana de hoy.

Las pesquisas en el lugar del siniestro continúan sin interrupción. La mayor parte de la tripulación del "Campos" descansaba en el interior del barco al producirse la colisión, por lo que se teme que los dieciséis desaparecidos perecieron al hundirse el pesquero.

En el puerto se han producido escenas de vivísima emoción al acudir las familias de los pescadores que integraban la tripulación del "Campos". Las autoridades de Marina han abierto una información para esclarecer las circunstancias en que se ha producido la catástrofe, que por sus trágicas proporciones ha producido honda impresión en el litoral.—Cifra.

Las notas que se nos envían antes de las cinco de la tarde son publicadas al día siguiente. De las que llegan después no respondemos.